

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA TELEMÁTICA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 5 DE ABRIL DE 2021.

PRESIDENTE:

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

ASISTENTES:

D.^a María Guadalupe Pombo Carril
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.^a Marta María Figueroa Fuentes
D. Carlos Liñares Gestal
D.^a Marta María Iglesias Becerra
D. Abraham Seijas González
D.^a Yessica Méndez Sánchez

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

O día cinco de abril de dous mil vinte e un, a través da plataforma COUNCILBOX, ás trece horas e trinta e oito minutos comeza a sesión ordinaria telemática, en primeira convocatoria, da Xunta de Goberno Local, convocada a través da sede electrónica do Concello. Preside a sesión o Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e asisten os/as Sres./as concelleiros/as, D.^a María Guadalupe Pombo Carril, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.^a Marta María Figueroa Fuentes, D. Carlos Liñares Gestal, D.^a Marta María Iglesias Becerra, D. Abraham Seijas González e D.^a Yessica Méndez Sánchez.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA EN DATA 26 DE MARZO DE 2021 E DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA EN DATA 29 DE MARZO DE 2021.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004), a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión extraordinaria celebrada o día 26 de marzo de 2021 e á acta da sesión ordinaria celebrada o día 29 de marzo de 2021, das que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobadas por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión extraordinaria realizada o día 26 de marzo de 2021 e a acta da sesión ordinaria realizada o día 29 de marzo de 2021.

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Resolución do 26 de marzo de 2021, do Ministerio de Facenda -Axencia Estatal de Planificación e Relacións Institucionais da Axencia Estatal de Administración Tributaria-, pola que se publica o Convenio coa Federación Española de Municipios e Provincias, en materia de intercambio de información tributaria e colaboración na xestión recadatoria coas entidades locais. BOE núm. 80 do 03-04-2021.
- Resolución do 26 de marzo de 2021, do Ministerio de Facenda -Dirección do Servizo de Planificación e Relacións Institucionais da Axencia Estatal de Administración Tributaria-, pola que se publica o Convenio coa Federación Española de Municipios e Provincias, en materia de subministro de información de carácter tributario ás entidades locais. BOE núm. 80 do 03-04-2021.

- Orde do 17 de marzo de 2021, da Consellería de Política Social, pola que se regulan as bases das subvencións para entidades de acción voluntaria e entidades locais enmarcadas no programa Voluntariado sénior e se convocan para o ano 2021 (código de procedemento BS508C). DOG núm. 61 do 31-03-2021.
- Orde do 18 de marzo de 2021, da Consellería de Política Social, pola que se regulan as bases das subvencións para entidades de acción voluntaria e entidades locais enmarcadas no programa Servizo de voluntariado xuvenil e se procede a súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento BS320A). DOG núm. 61 do 31-03-2021.
- Resolución número 11284 do 24 de marzo de 2021, da Deputación Provincial da Coruña, pola que se aproba a concesión provisional de subvencións correspondentes ao programa FONL: convocatoria do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais da provincia da Coruña para a creación, mantemento e reforzo dos servizos de normalización lingüística durante o ano 2021. BOP núm. 59 do 30-03-2021.
- Anuncio do 25 de marzo de 2021, do Concello de Culleredo, de exposición pública do padrón das taxas pola prestación do servizo de depuración de augas residuais, así como do canon da auga correspondente ao 1º trimestre de 2021. BOP núm. 59 do 30-02-2021.
- Anuncio do 26 de marzo de 2021, da Deputación Provincial da Coruña, relativo á aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 1/2021 para o financiamento de gastos sociais extraordinarios. BOP núm. 59 do 30-03-2021.
- Anuncio do 26 de marzo de 2021, do Concello de Culleredo, relativo á aprobación definitiva do orzamento do exercicio 2021. BOP núm. 60 do 31-03-2021.
- Anuncio do 29 de marzo de 2021, da Deputación Provincial da Coruña, relativo ás normas de cobranza en período voluntario dos tributos e prezos públicos municipais. Campaña do primeiro semestre do exercicio 2021. BOP núm. 60 do 31-03-2021.
- Anuncio do 29 de marzo de 2021, do Concello de Culleredo, de exposición pública do padrón do prezo público pola prestación de ensinanzas do Conservatorio de Música Municipal do mes de marzo de 2021. BOP núm. 61 do 05-04-2021.
- Anuncio do 29 de marzo de 2021, do Concello de Culleredo, de exposición pública dos padróns do prezo público polas prestacións de apoio a autonomía persoal e atención á dependencia (PAAD), en concreto polo servizo de axuda no fogar municipal por libre concorrencia, correspondente aos meses de setembro e outubro de 2020 e polo servizo de axuda no fogar municipal para persoas con grao recoñecido de dependencia, correspondente aos meses de setembro e outubro de 2020. BOP núm. 61 do 05-04-2021.

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

“

3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Código do documento	Código do expediente
USG15I01HU	USG/2021/59
Código de Verificación Electrónica (COVE)  6F5E 1U61 5K4R 2K4Y 1ALY	

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e corenta e un minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe
O alcalde
(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H